



# INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2011 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

Un entorno xeral de crise económica e de restricións financeiras para as empresas, determina o punto de partida do plantexamento estratéxico dos orzamentos do IGAPE para o exercicio 2011.

Neste senso, os obxectivos estratéxicos están encadrados nos diferentes eixes do plan de actividades do Instituto:

1. Emprendedores: Apoiar o nacemento e crecemento de tecido empresarial fomentando o espírito emprendedor.

2. Investimento empresarial: Favorecer a implantación de proxectos de investimento empresarial, facilitando fontes de financiamento que incentiven a súa localización en Galicia.

3. Internacionalización: Fomentar a internacionalización do tecido empresarial como base de crecemento e da converxencia con outras rexións.

4. Mellora da competitividade: Fomentar a competitividade do tecido empresarial mediante apoios a melloras na xestión baseadas na innovación organizativa e tecnolóxica.

5. Cooperación: Impulsar a cooperación entre todos os axentes económicos galegos, públicos e privados, para favorecer o desenvolvemento do tecido empresarial.

6. Proxectos IGAPE Proactivo: Mellorar a atención integral do Instituto aos empresarios e organismos da economía galega.

Neste conxunto de eixes incardínanse os obxectivos xerais a acadar:

#### I.1.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
Código	Descrición do obxectivo xeral	Criterio de ordenación (art. I da Orde do 18 de maio, instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da C.A.)
A	Fomento da internacionalización do tecido productivo galego e captación de investimentos estranxeiros	b)
B	Promoción do emprendedurismo	b)
C	Mellora da competitividade empresarial	b)
D	Apoio ao investimento empresarial	b)

### *1.1.2. OBXECTIVOS OPERATIVOS*

O ano 2011 constituirá un complexo reto para todos os axentes económicos galegos. O entorno de restricións orzamentarias e financeiras e as previsións de crecemento fixadas polo Goberno central esixen, máis que nunca, un especial esforzo dos orzamentos do Instituto para 2011.

Nesta liña contéplase, como aspecto máis significativo, unha importante dotación para garantir o financiamento empresarial a través de préstamos directos coa colaboración do Banco Europeo de Inversiones (BEI) e con outras entidades de crédito. En consecuencia disporase a captación de fondos do BEI por importe de 100 millóns de euros (que serán destinados á concesión de préstamos para proxectos de investimento empresarial en favorables condicións de prezo e prazo de reembolso, e a implantar novas liñas de cobertura de riscos que permitan aumentar as dispoñibilidades de crédito das empresas) e unha dotación de 75 millóns de euros destinados a concertación de préstamos para o financiamento de empresas domiciliadas en Galicia. Ámbolos dous mecanismos conxugaranse con medidas que favorecerán o financiamento de circulante, a ampliación de capital, e o refinanciamento de pasivos financeiros.

As medidas antes indicadas contribuirán a paliar as necesidades de financiamento das empresas e a apoiar as iniciativas empresariais. Así mesmo a cooperación coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito buscará apoiar o financiamento empresarial tamén nas súas necesidades de circulante e de investimento, incluíndo, entre outras, a cooperación co Instituto de Crédito Oficial para potenciar a canalización a Galicia dos recursos financeiros deste instrumento. Favorecer o financiamento empresarial con enfoques de riscos compartidos será, en resumo, a principal dirección destas medidas de ampliación das capacidades de crédito, respostando así ás dificultades de financiamento do tecido empresarial.

Ante unha situación de atonía do mercado interno faise necesario, máis que nunca, unha aposta decidida polo apio á internacionalización do tecido productivo galego como mecanismo dinamizador da economía galega. Ao mesmo tempo, este presuposto suliña a imprescindible interacción entre os procesos de internacionalización e aqueles elementos que garantan a competitividade nos mercados máis desafiantes. (a innovación na oferta dos produtos, a vixiancia de novas tecnoloxías disruptivas, ou a cooperación e concentración de esforzos para adquirir tamaño competitivo). Así pois, estes orzamentos contemplan a introducción do impulso internacionalizador de alta competitividade. Por outra banda, reforzaranse os mecanismos de captación de investimentos para a Comunidade Autónoma, co gallo de facer atractivo o noso territorio para aqueles investidores estranxeiros que o consideren como unha opción nos seus procesos de internacionalización.

Está previsto, entre outros aspectos, afondar na posta a disposición das pemes galegas de servizos personalizados en destino así como de incentivos económicos para a internacionalización das empresas. As bases reguladoras de axudas para a internacionalización

teñen unha ampla cobertura nos orzamentos de 2011, incrementándose o orzamento anual destinado ao fomento da presenza no exterior das empresas galegas. Tamén se porán en marcha mecanismos de cooperación con Institucións Financeiras Multilaterais que potencien a presenza de Galicia e as súas empresas nos mercados exteriores. Así mesmo, tamén se contempla unha clara aposta pola formación tanto dos xoves como dos empresarios que contemplan os mercados internacionais como unha opción laboral ou de estratexia empresarial. Por último, plantéxase o inicio dunha nova liña de acción que favorecerá o apalancamento da actividade exportadora entre as empresas e clusters.

Fomentar o espírito emprendedor, apoiar a modernización do tecido empresarial e impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos son outras das medidas para as que os orzamentos do IGAPE inclúen tamén unha importante dotación, con iniciativas que abranguen desde accións de sensibilización e clima xeral, pasando por programas de divulgación e fomento do espírito emprendedor con especial incidencia no ámbito educativo a través de BIC GALICIA, entidade dependente do IGAPE, ata programas de apoio financeiro para emprendedores, para o desenvolvemento tecnolóxico das pemes ou para proxectos de natureza cooperativa a través de agrupacións de carácter sectorial ou multisectorial de carácter innovador.

En resumo, os orzamentos do Instituto optimizan os recursos, dando resposta e potenciando dun xeito selectivo aquelas que favorecen a competitividade do tecido productivo, a internacionalización das empresas e clusters e o fomento do emprendedurismo.

En relación co antedito, podemos singularizar:

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
Código	Descrición do obxectivo operativo	Cuantificación	Programa da transferencia que o financia
AA	Ampliar a base exportadora de Pemes galegas	200 novas empresas internacionalizadas	741A
AB	Creación dunha rede de Plataformas empresariais no exterior	8 plataformas creada	741A
AC	Apoio aos clusters galegos nos seus procesos de internacionalización	3 clusters internacionalizados	741A
AD	Apoio financeiro ás empresas para a internacionalización	700 empresas apoiadas	741B - 741A
BA	Creación de novas empresas	150 novas empresas	741A
BB	Apoio financeiro a emprendedores	300 empresas apoiadas	741A
CA	Fomento do investimento en medidas de apoio á competitividade	1.000 empresas apoiadas	741A
CB	Promoción de proxectos colaborativos con clusters	5 proxectos colaborativos	741A
CC	Apoio á innovación (Programa InnoEmpresa)	1.100 empresas apoiadas	741A
DA	Apoio a grandes investimentos empresariais	100 proxectos financiados	741A

### I.1.3. ACTUACIÓNS

De acordo co esquema configurado no último Plan de Actividades do Instituto, a clasificación funcional do orzamento de gastos, presenta os gastos agrupados en sete eixes de actuación definidos de acordo cos obxectivos estratéxicos do Instituto e que se amosan a continuación comparados cos importes equivalentes de 2010:

EIXE	ORZAMENTO INICIAL 2011	ORZAMENTO INICIAL 2010	% VARIACIÓN 2011/2010
1. Emprendedores	17.088.000,00	20.081.735,50	-14,91%
2. Investimento empresarial	155.348.181,82	163.715.000,00	-5,11%
3. Internacionalización	19.907.125,46	18.004.867,39	10,57%
4. Mellora da competitividade	9.795.000,00	23.775.000,00	-58,80%
5. Cooperación	90.345.000,00	107.348.000,00	-15,84%
6. Proxectos Igape proactivo	439.796,64	1.239.796,64	-64,53%
7. Actividades de soporte	11.228.896,08	11.675.600,47	-3,83%
<b>TOTAL</b>	<b>304.152.000,00</b>	<b>345.840.000,00</b>	<b>-12,05%</b>

En primeiro lugar é de destacar o incremento do orzamento en materia de internacionalización e, a pesar das restriccións e o mantemento das consignacións adicadas ao emprendedurismo; nunha aposta clara polos mercados exteriores (ante a limitación do consumo no mercado interior) e os novos emprendedores; que constitúen o viveiro natural do tecido productivo galego. Por último, mantense o apoio ao investimento e a competitividade empresarial.

#### Eixe I: Emprendedores

O fomento do espírito emprendedor constitúe un vector decisivo no presuposto 2011 do Igape. Apoiar o nacemento de novas empresas debe incidir nunha serie de medidas que ofrezan calidade as novas vocacións emprendedoras. De tal xeito, o presuposto orientarase no senso de: 1) canalizar os esforzos emprendedores a aqueles sectores onde existe potencial para a creación de empresas, ben polas súas elevadas taxas de crecemento sectorial, ben polo seu carácter representativo na nosa economía; 2) fortalecer o papel "do emprendedor/a", nun momento complexo no que o perfil do/a mesmo/a convértese no aspecto esencial do éxito da empresa; 3) resolver a problemática do acceso ao financiamento na etapa de xestión da empresa, e 4) dotar á nova empresa dunha visión estratéxica que contemple como prioridade os mercados exteriores e a innovación.

Os procesos de sensibilización e difusión contarán tamén cun apoio decidido. En concreto actos como o Día Galego do Emprendedor, máis outras accións de apoio para a extensión da cultura emprendedora. Aquí xogará un papel protagonista Bic Galicia, proporcionando servizos e ferramentas esenciais que facilitarán a motivación, formación, ou a diagnose dos proxectos, o asesoramento de expertos e a posta a disposición de infraestructuras.

Os apoios de tipo financeiro facilitarán e mellorarán o acceso ao financiamento dos proxectos emprendedores (convenios con axentes financeiros, subvencións e préstamos

directos do Instituto, achegas a fondos de capital risco e convenios de microcréditos, entre outros). Do mesmo xeito, increméntase o monto das bases de axudas a emprendedores ata os 3,6 millóns de euros e se reduce o límite mínimo da inversión esixida para acceder a estes apoios.

Como parte das medidas de fomento do investimento empresarial e ampliación das ferramentas de financiamento empresarial increméntase a achega a Emprende Fondo de Capital Risco a 8 millóns de euros. Con esta medida contribúirase a prover financiamento a novos proxectos emprendedores en Galicia e paliar, en parte, un escenario de dificultades para o acceso ao crédito para os novos emprendedores.

Son de destacar tamén as accións previstas no ámbito do fomento das redes de investidores máis o portal do emprendemento en Galicia e a rede estendida do emprendedor, espazos colaborativos e de cooperación que pretenden complementar as medidas indicadas anteriormente.

#### Eixe 2: Investimento empresarial

O eixe de investimento empresarial, que está orientado á prestación de apoios para facilitar a implantación dos proxectos empresariais de maior impacto no tecido produtivo e na xeración de emprego de calidade en Galicia, mantén nos orzamentos de 2011 unha elevada dotación. Este eixe dos orzamentos pretende contribuír, a paliar as dificultades existentes e a facilitar aos proxectos viables a súa consolidación e crecemento.

Así, ademais de manter as liñas de incentivos económicos en forma de axudas a fondo perdido a proxectos de investimento empresarial, seguindo coa aplicación dos Fondos Estruturais da Unión Europea (FEDER e FSE) do novo período marco de programación comunitaria 2007-2013, en 2011 o Instituto ten previsto xestionar outras ferramentas de apoio para o financiamento empresarial, como é a concesión de préstamos directos a empresas mediante a cooperación co Banco Europeo de Inversiones. (100 millóns de euros).

Ademais dos importantes recursos financeiros dedicados polo Instituto a este eixe, as medidas de impulso dos investimentos empresariais se complementan coa coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Economía a través da liña de incentivos económicos rexionais, e outras liñas como as de reindustrialización do Ministerio de Industria que acompañarán as actuacións do Plan de Desenvolvemento Integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Nesta liña contéplase unha dotación específica de 5,4 millóns de euros para proxectos de desenvolvemento nas comarcas citadas.

Os Plans Impulsa Lugo e Ourense e o Programa Revive Costa da Morte, aportarán importantes apoios para a radicación de investimentos nos devanditos territorios. O crecemento económico equilibrado dos territorios que conforman Galicia é un dos obxectivos prioritarios da Galicia Global. Para logralo cómpre levar a cabo unha política

de discriminación positiva cara a aqueles territorios que non acadan os criterios medios de converxencia do resto da Comunidade Autónoma. A Política da Xunta de Galicia neste ámbito porá a dispor deste obxectivo instrumentos de solidariedade e ferramentas de cohesión e integración económica. A solidariedade aportará beneficios concretos aos cidadanos, e a cohesión garantizará a redución das diferencias de renda e riqueza, beneficiando, en definitiva, ao conxunto da sociedade galega. Nesa liña de traballo compre:

- Aumentar o atractivo dos territorios máis desfavorecidos para a inversión.
- Estimular a iniciativa empresarial.

En concreto, disporase dun presuposto de 37,5 millóns de euros en concepto de préstamos BEI e 13,1 millóns no capítulo de subvencións á inversión que constitúen un apoio decisivo para crear máis e mellor emprego, facendoo máis atractivo para as persoas -de tal xeito que a poboación se fixe no territorio-, fomentando a adaptabilidade dos traballadores e investindo máis en capital humano

#### Eixe 3: Internacionalización

A importancia do fomento da internacionalización fai que este eixe se veña consolidando dende hai uns anos como un dos eixes prioritarios das actividades do Instituto, e que se converta en 2011 no que experimenta un maior crecemento en termos de recursos financeiros respecto ao ano anterior. En concreto, destínanse case 20 millóns de euros a unha liña estratéxica para o crecemento do tecido productivo galego.

Manterase a tensión orzamentaria do ano 2010 correspondente ás bases reguladoras de axudas para a internacionalización das empresas galegas que supuxo completar un amplo programa de apoios e servizos neste eido. O capítulo de servizos e iniciativas de mellora do capital humano no ámbito da internacionalización e ás actividades de potenciación das redes de empresarios galegos no exterior, terán un importante incremento. En concreto xorden novos servizos como a Rede de Plataformas Empresariais no Exterior (Rede PEXGA), que porá a disposición das empresas galegas toda unha serie de apoios en destino dos que non gozaban ata o momento presente. Tamén se iniciará unha nova singladura coa aposta pola colaboración coas Institucións Financeiras Multilaterais; unha importante fonte de potencial financiación e de obtención de contratacións internacionais. A formación dos xoves galegos e dos empresarios que teñan interese nos mercados exteriores tamén contará con especial protagonismo nos presupostos do ano 2011.

Unha mención especial merece o apoio á internacionalización do tecido productivo apoiándonos nos clusters. A súa capilaridade permitirá coordinar os esforzos neste eido e dirixir as estratéxias cun efecto multiplicador moi efectivo e unha mensaxe colaborativa imprescindible para acometer os mercados exteriores con posibilidades de éxito.

#### Eixe 4: Mellora da competitividade



Ademais da contribución que os eixes anteriores pretenden facer para mellorar a competitividade do tecido empresarial, os orzamentos contemplan un eixe con accións específicas neste eido, principalmente subvencións ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar melloras na xestión empresarial mediante a consultoría de procesos e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando, entre outros. Entre as medidas que se apoiarán terán protagonismo aquelas que primen a aplicación de sistemas de información de Intelixencia de Negocio e Intelixencia Comercial; a planificación da produción; a implantación de metodoloxías de xestión empresarial de última xeración, ou a implantación de sistemas de calidade total na empresa.

A vista de que a Administración Central eliminará a cofinanciación que tradicionalmente apoiaba o Programa Innoempresa, resulta obvio que a responsabilidade política da Xunta de Galicia manterase con todas aquelas empresas que están comprometidas coa innovación. Ben é certo que esta situación provocará unha merma dos recursos dispoñibles a este efectos de 2,4 millóns de euros.

No orzamento 2011 o eixe de mellora da competitividade mantén as súas consignacións coa finalidade de reactivar a economía galega mediante fórmulas de implementación de procesos e maquinaria que fagan máis eficiente o noso proceso productivo. Así mesmo, profundizarase no desenvolvemente dos mecanismos colaborativos entre empresas e sectores.

Por último, contéplanse tamén neste eixe iniciativas de colaboración con entidades galegas sen fin de lucro para o artellamento de iniciativas singulares de apoio á innovación nas empresas galegas.

#### Eixe 5: Cooperación

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos e outra das medidas para contribuír ao desenvolvemento e á modernización empresarial, e que o Instituto vén tendo presente especialmente nos últimos anos. Deste xeito, contribuír a que tódolos axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste eixe nos plans de actuación do Instituto, que ten como principais destinatarios os clústers e organismos intermedios.

Tamén, inclúense neste eixe as múltiples iniciativas de colaboración que se levan realizando mediante actuacións coordinadas cos axentes financeiros situados en Galicia, tanto de carácter público como o ICO, como de carácter privado como as entidades financeiras implantadas en Galicia, no ámbito de favorecer o acceso ao financiamento das pemes en xeral ou de sectores particulares do tecido productivo en colaboración cos departamentos competentes da Xunta de Galicia como medio rural e pesca, entre outros.

Baixo este enfoque de cooperación e coordinación entre axentes inclúense medidas

como os incentivos económicos a agrupacións empresariais innovadoras (AEIs) para o desenvolvemento de polos de crecemento e innovación. Inclúense deste xeito apoios para a elaboración de plans estratéxicos sectoriais ou multisectoriais, a nivel de cadeas de valor, para a implementación dos propios plans. Baixo este eixe contéplase tamén a creación de redes e foros de intercambio e colaboración no ámbito da innovación e a excelencia empresarial.

Neste eixo manterase o crédito de 75 millóns de euros destinado á concesión de préstamos para o financiamento de empresas galegas..

#### Eixe 6: Proxectos Igape proactivo

Baixo este eixe inclúense accións que teñen como denominador común mellorar a atención integral do Instituto aos empresarios e emprendedores, tomando a iniciativa no desenvolvemento de proxectos como a administración electrónica ou o desenvolvemento de portelos multicanle de atención integral a proxectos empresariais, ou fomentando a participación en proxectos e iniciativas convocadas pola Unión Europea. A formulación de actividades formativas para os recursos humanos do Instituto pretende fortalecer as capacidades de prestación deste tipo de servizos e a concienciación en xeral de avanzar nas ferramentas de coñecemento.

#### Eixe 7: Actividades soporte

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do Instituto e os gastos xerais de funcionamento do Instituto, incluídos os gastos de persoal.

De maneira máis gráfica, concretamos diversas actuacións no cadro que sigue:

ACTUACIÓNS				
Código	Actuación	Importe	(1)	(2)
001 AA / 001 AD	Axudas á internacionalización empresarial e a contratación de xestores de exportación	10.200.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013)	NON
001 AB	Posta en marcha do servizo da Rede de Plataformas Empresariais	4.000.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
001 AC	Convenios de colaboración con clusters para a súa internacionalización	1.640.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013)	NON
001 BA	Axudas para a creación de novas empresas	3.600.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
002 BA	Aportación ao Fondo Emprende	8.000.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
001 BB	Programa Re-Imaxina	2.125.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
001 CA	Axudas para o apoio á reorientación e competitividade empresarial	16.000.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
001 CB	Programa para o apoio a clusters	4.000.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON

ACTUACIÓNS				
001 CC	Axudas para a innovación empresarial (Programa InnoEmpresa)	3.650.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
001 DA	Axudas para grandes investimentos empresariais	14.100.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
002 DA	Axudas para grandes investimentos empresariais (IMPULSA LUGO)	4.800.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
003 DA	Axudas para grandes investimentos empresariais (IMPULSA LUGO)	4.800.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
004 DA	Axudas para grandes investimentos empresariais (PRGRAMA REVIVE COSTA DA MORTE)	3.500.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
005 DA	Axudas para grandes investimentos empresariais (PLAN FERROL, EUME E ORTEGAL)	5.400.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
006 DA	Préstamos BEI	100.000.000	SÍ (Plan Reforza 2010-2013 / Plan Estratéxico 2010-2014)	NON
<b>(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior.</b>				
<b>(2)Actuación de fomento do I+D+I.</b>				

#### I.1.4. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

O detalle do programa de investimentos é o seguinte, para o periodo 2011-2013 (en millóns de euros):

INVESTIMENTOS									
Resumo Programa de Investimentos				Real	Estim.	Previsión			
Código	Descrición	(1)	(2)	2009	2010	2011	2012	2013	2014
-	Financeiros	-	-			184,6	18,4	22,7	
-	Non financeiros	-	-			0,8	0,2	0,6	
			<b>TOTAL</b>			<b>185,4</b>	<b>18,6</b>	<b>23,3</b>	
<b>(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior.</b>									
<b>(2)Actuación de fomento do I+D+I.</b>									

#### I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

A táboa seguinte mostra a distribución dos ingresos totais previstos xunto coa súa comparación cos incluídos no orzamento do ano anterior:

INGRESOS	ORZAMENTO INICIAL 2011	ORZAMENTO INICIAL 2010	VARIACIÓN 2011/2010	% VARIACIÓN 2011/2010
Remanente	50.000.000,00	50.812.992,32	-812.992,32	-1,60%
Ingresos propios	11.513.358,00	4.095.763,68	7.417.594,32	181,10%
Transferencias correntes	9.103.700,00	10.084.003,00	-980.303,00	-9,72%
Transferencias de capital	58.534.942,00	105.847.241,00	47.312.299,00	-44,70%
Préstamos recibidos	175.000.000,00	175.000.000,00	0,00	0,00%
<b>TOTAL</b>	<b>304.152.000,00</b>	<b>345.840.000,00</b>	<b>41.688.000,00</b>	<b>-12,05%</b>

A comparación do orzamento de ingresos de 2011, respecto ao 2010, amosa como máis destacado o mantemento da inclusión como préstamos recibidos, xunto coa dos fondos a tomar do Banco Europeo de Inversiones para destinar á concesión de préstamos a empresas, a de acudir a outras entidades de crédito, co que esta fonte de financiamento convértese na máis importante dos orzamentos 2010, con case o 58 % do total previsto. Tamén se incrementa notablemente a previsión de financiamento vía recursos propios que deriva, fundamentalmente, dos ingresos previstos polos investimentos financeiros e

dos préstamos a conceder a empresas. As transferencias de capital, que proceden da Consellería de Economía e Industria, experimentan un importante decremento.

○ detalle das orixes de financiamento e a súa comparación co orzamento de 2010 amósase a continuación:

DESCRICIÓN ORÍXES	ORZAMENTO INICIAL 2011	ORZAMENTO INICIAL 2010	VARIACIÓN 2011/2010	% VARIACIÓN 2011/2010
Fondos propios incondicionados	272.224.005,00	309.758.091,00	-37.534.086,00	-12,12%
FEDER	18.351.273,00	19.219.993,00	-868.720,00	-4,52%
Cofinanciación FEDER (FCI)	7.650.171,00	8.012.317,00	-362.146,00	-4,52%
FSE	2.341.240,00	2.290.243,00	50.997,00	2,23%
Cofinanciación FSE	585.311,00	572.561,00	12.750,00	2,23%
PXE (InnoEmpresa)	3.000.000,00	4.900.000,00	-1.900.000,00	-38,78%
Outros	0,00	1.086.795,00	-1.086.795,00	-100,00%
<b>TOTAL</b>	<b>304.152.000,00</b>	<b>345.840.000,00</b>	<b>41.688.000,00</b>	<b>-12,05%</b>

Como notas máis relevantes, respecto de cada categoría de gastos, podemos destacar, aínda que sen ánimo exhaustivo:

### 1.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

#### INGRESOS

##### *Ventas e explotación de servizos*

Cun peso menor no orzamento de explotación do IGAPE, evolucionan dende un importe estimado de 513.407,97 €, no exercicio 2010, aos previstos 550.000,00 € para o 2011.

##### *Subvencións de explotación recibidas*

A súa tendencia mostra un aumento moderado respecto do real 2009 e da estimación de liquidación 2010:

SUBVENCIÓN DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO	0,00	0,00	0,00		
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	7.388.120,00	8.679.642,42	9.103.700,00		
DA UNIÓN EUROPEA	0,00	0,00	0,00		
<b>TOTAL</b>	<b>7.388.120,00</b>	<b>8.679.642,42</b>	<b>9.103.700,00</b>		

#### GASTOS

A táboa seguinte mostra a distribución económica dos gastos previstos no orzamen-

to de 2011 comparados co orzamento inicial de 2010:

DESCRICIÓN ORÍXES	ORZAMENTO INICIAL 2011	ORZAMENTO INICIAL 2010	VARIACIÓN 2011/2010	% VARIAC. 2011/2010
Provisións riscos e gastos	4.000.000,00	11.000.000,00	-7.000.000,00	-63,64%
Inmobiliz. inmateriais	653.833,73	582.661,09	71.172,64	12,22%
Inmobiliz. materiais	138.800,00	325.500,00	-186.700,00	-57,36%
Investimentos financeiros permanentes	184.650.000,00	198.400.000,00	-13.750.000,00	-6,93%
Débedas préstamos recibid. e outros concep.	6.818.181,82	0,00	6.818.181,82	n/a
Servizos exteriores e outros gastos	6.256.941,54	9.402.200,44	-3.145.258,90	-33,45%
Gastos de persoal e prestacións sociais	7.096.936,79	7.426.668,08	-329.731,29	-4,44%
Transf. e subvencións	89.120.306,12	115.565.970,39	-26.445.664,27	-22,88%
Gastos financeiros	5.417.000,00	3.137.000,00	2.280.000,00	72,68%
<b>TOTAL</b>	<b>304.152.000,00</b>	<b>345.840.000,00</b>	<b>41.688.000,00</b>	<b>-12,05%</b>

A distribución económica dos gastos presupostados para 2010 amosa a orientación xa comentada de incidir moi especialmente nos eixos da internacionalización, o emprendurismo e a competitividade, sendo tamén destacar o compromiso de contención dos gastos xerais.

En concreto...

### Gastos de persoal

O persoal do Instituto, ao peche de cada exercicio, incluíndo persoal temporal, e o seu custo son os que se indican no seguinte cadro:

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL
REAL	2009	144	-	7.139.777,12
ESTIMADO	2010	132	-	6.658.312,59
	2011	116	-	7.096.936,79
PREVISIÓN	2012	116	-	7.167.906,16
	2013	115	-	7.311.264,28

### Servizos exteriores

Presentan cifras similares ás dos orzamentos pasados, aínda que cun incremento significativo respecto das obrigas recoñecidas no 2009 e das previstas para o exercicio actual.

SERVIZOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRICIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
623	Serviz. prof. ind. e empr.	1.345.573,70	1.928.000,00	2.991.108,69		
627	Publicidade, etc.	2.169.979,87	1.325.000,00	1.559.144,00		

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
629	Comunicacións	975.460,89	985.000,00	1.157.888,85		
-	Resto subgrupo 62	553.836,56	381.918,62	538.800,00		
<b>TOTAL</b>		<b>5.044.851,02</b>	<b>4.619.918,62</b>	<b>6.246.941,54</b>		

#### Subvencións concedida póla entidade

SUBVENCIONES CONCEDIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
AGRUPADAS POR LIÑAS DE SUBVENCIONES/OBXECTIVOS	2009	2010	2011	2012	2013
Transferencias correntes	2.122.977,83	1.079.716,42	1.613.000,00		
Subvencións correntes	3.854.545,88	4.147.465,26	20.447.306,12		
<b>TOTAL</b>	<b>5.977.523,71</b>	<b>5.227.181,65</b>	<b>22.264.779,18</b>		

#### 1.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

Respecto do orzamento de capital, as cifras máis relevantes e a súa comparación contéñense nos seguintes cadros

#### ORIXES

##### Subvencións de capital recibidas.

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO	0,00	0,00	0,00		
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	84.960.500,00	63.023.943,12	58.534.942,00		
DA UNIÓN EUROPEA	0,00	0,00	0,00		
<b>TOTAL</b>	<b>84.960.500,00</b>	<b>63.023.943,12</b>	<b>58.534.942,00</b>		

##### Aportacións patrimoniais

APORTACIONES PATRIMONIAIS RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO	0,00	0,00	0,00		
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	0,00	0,00	0,00		
DOUTRAS ENTIDADES (ESPECIFICAR)	0,00	0,00	0,00		
<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>		

### Financiamento alleo a longo prazo

PRÉSTAMOS E CRÉDITOS A LONGO PRAZO RECIBIDOS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO	0,00	0,00	0,00		
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	0,00	0,00	0,00		
DA UE	30.000.000,00	20.000.000,00	100.000.000,00		
DOUTRAS ENTIDADES	0,00	0,00	75.000.000,00		
<b>TOTAL</b>	<b>30.000.000,00</b>	<b>20.000.000,00</b>	<b>175.000.000,00</b>		

### Distribución de resultados

DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS	2010	2011
<b>BASE DE REPARTO:</b>		
Resultados positivos do exercicio	2.185.684,26	185.714.859,60
Resultados de exercicios anteriores	183.529.175,34	12.361.968,66
Outros conceptos (especificar)		
<b>Total</b>	<b>185.714.859,60</b>	<b>198.076.828,26</b>
<b>DISTRIBUCIÓN:</b>		
Compensación rtdos. negativos de exerc. anteriores		
Dividendos		
Outros conceptos (financiamento orz. gastos)	185714.859,60	198.076.828,26
<b>Total</b>	<b>185.714.859,60</b>	<b>198.076.828,26</b>

### Remanente de tesourería

A previsión de remanente de tesourería para o 2010 e a estimación 2011 son as que se detallan de seguido:

REMANENTE DE TESOURERÍA	2010	2011
<b>1. Dereitos pendentes de cobro</b>	<b>128.800.247,08</b>	<b>138.199.738,66</b>
(+) Do orzamento corrente	68.756.426,26	81.881.478,69
(+) De orzamentos pechados	57.636.993,06	54.587.652,46
(+) De operacións non orzamentarias	3.381.101,21	2.704.880,96
(+) De operacións comerciais		
(-) De dubidoso cobro	-974.273,45	-974.273,45
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
<b>2. Obrigas pendentes de pagamento</b>	<b>6.587.161,28</b>	<b>7.870.802,16</b>
(+) Do orzamento corrente	1.892.345,92	2.270.815,10
(+) De orzamentos pechados	3.824.711,23	4.589.653,48
(+) De operacións non orzamentarias	870.104,13	1.010.333,58
(+) De operacións comerciais		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
<b>3. Fondos líquidos</b>	<b>3.985.786,84</b>	<b>3.188.629,47</b>
<b>I. Remanente de tesourería afectado</b>	<b>36.235.154,43</b>	<b>35.553.847,77</b>
<b>II. Remanente de tesourería non afectado</b>	<b>89.963.718,21</b>	<b>97.963.718,20</b>
<b>III. Remanente de tesourería total (1-2+3)</b>	<b>126.198.872,64</b>	<b>133.517.565,97</b>

## APLICACIÓNS

### Adquisicións de inmovilizado non financeiroiro

ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
Inmobil. Inmateriais (aplic. Inform.)	473.180,00	493.371,74	653.833,73		
Inmobil. Materiais (mobiliario, etc.)	253.740,00	210.959,42	138.800,00		
<b>TOTAL</b>	<b>726.920,00</b>	<b>704.331,16</b>	<b>792.633,73</b>		

### Adquisicións de inmovilizado financeiroiro

ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO FINANCEIRO		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
ORGANISMO DO S.P.	TIPO ADQ.	2009	2010	2011	2012	2013
Inmovilizado financeiro	-	74.476.920,00	34.313.085,47	184.650.000,00		
<b>TOTAL</b>		<b>74.476.920,00</b>	<b>34.313.085,47</b>	<b>184.650.000,00</b>		



ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
INST. GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	<b>A) Inmobiliado</b>	<b>191.298</b>	<b>222.278</b>	<b>407.701</b>
	I. Invetimentos destinados ao uso xeral			
200	1. Terreos e bens naturais			
201	2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral			
208	3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural			
	II. Inmovilizacións inmateriais	747	788	1.442
210	1. Gastos de Investigación e desenvolvemento			
212	2. Propiedade industrial	5	5	5
215	3. Aplicacións informáticas	3.153	3.646	4.300
216	4. Propiedade intelectual			
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro			
219	6. Inmobiliado inmaterial	1	1	1
(281)	7. Amortizacións	-2.412	-2.865	-2.865
	III. Inmovilizacións materiais	3.441	3.394	3.533
220, 221	1. Terreos e construcións	3.340	3.346	3.381
223	2. Instalacións Técnicas e Maquinaria	230	230	240
226	3. Mobiliario	951	1.098	1.131
227, 228, 229	4. Outro inmobiliado	975	1.034	1.094
(282)	5. Amortizacións	-2.056	-2.313	-2.313
23	IV. Invetimentos xestionados			
	V. Inmovilizacións financieras	187.110	218.096	402.726
250, 251, 256	1. Carteira de valores a longo prazo	148.712	159.506	169.156
252, 253, 257	2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo	67.874	91.374	266.354
260, 265	3. Depósitos e fianzas constituídos a LP	51	69	69
(297)	4. Provisións	-29.527	-32.854	-32.854
27	B) Gastos a distribuír en varios exercicios			
	C) Activo circulante	154.193	140.524	140.247
	I. Existencias			
30	1. Comerciais			
31, 32	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
33, 34	3. Productos en curso e semiterminados			
35	4. Productos terminados			
36	4. Subproductos, residuos e materiais recuperados			
(39)	6. Provisións			
	II. Debedores	147.096	128.800	138.200
43	1. Debedores orzamentarios	146.347	126.393	136.469
44	2. Debedores non orzamentarios	17	23	18
45	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
470, 471, 472	4. Administracións públicas			
550, 555, 558	5. Debedores varios	1.396	3.358	2.687
(490)	6. Provisións	-663	-974	-974
	III. Invetimentos financeiros temporais	3.657	7.738	-1.141
540, 541, 546, (549)	1. Carteira de valores a curto prazo			
542, 543, 544, 545, 547, 548	2. Outros invetimentos e créditos curto prazo	5.801	10.657	1.778
565, 566	3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo			
(597), (598)	4. Provisións	-2.145	-2.920	-2.920
57	IV. Tesourería	3.440	3.986	3.189
480, 58	V. Axustes por periodificación			
	<b>TOTAL XERAL (A + B + C) ...</b>	<b>345.491</b>	<b>362.801</b>	<b>547.948</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
INST. GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	A) Fondos propios	251.896	254.082	266.444
	I. Patrimonio	68.367	68.367	68.367
100	1. Patrimonio	65.044	65.044	65.044
101	2. Patrimonio recibido en adscrición	3.322	3.322	3.322
103	3. Patrimonio recibido en cesión			
(107)	4. Patrimonio entregado en adscrición			
(108)	5. Patrimonio entregado en cesión			
(109)	6. Patrimonio entregado ao uso xeral			
11	II. Reservas			
	III. Resultados de exercicios anteriores	181.093	183.529	185.715
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	181.093	183.529	185.715
(121)	2. Resultados negativos de exercicios anteriores			
129	IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)	2.437	2.186	12.362
14	B) Provisións para riscos e gastos	35	36	4.036
	C) Acredores a longo prazo	48.000	61.213	223.576
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
150	1. Obrigacións e bonos			
155	2. Débedas representadas en valores negociables			
156	3. Xuros de obrigas e outros valores			
158, 159	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Outras débedas a longo prazo	48.000	61.213	223.576
170, 176	1. Débedas con entidades de crédito	48.000	61.182	148.545
171, 173, 177	2. Outras débedas			75.000
178, 179	3. Débedas en moeda estranxeira			
180, 185	4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo		31	31
259	III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos			
	D) Acredores a curto prazo	45.561	47.471	53.891
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
500	1. Obrigacións e bonos a curto prazo			
505	2. Débedas representadas noutros valores negociables			
506	3. Xuros de obrigacións e outros valores			
508, 509	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Débedas con entidades de crédito	2.000	6.818	12.636
520	1. Préstamos e outras débedas	2.000	6.818	12.636
526	2. Débedas por xuros			
	III. Acredores	5.549	6.587	7.871
40	1. Acredores orzamentarios	4.783	5.717	6.860
41	2. Acredores non orzamentarios	33	37	44
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
475, 476, 477	4. Administracións Públicas	288	136	163
521, 523, 529	5. Outros acredores		22	26
550, 554, 559	6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo	445	676	777
485, 560, 561, 585	IV. Axustes por periodificación	38.012	34.065	33.384
	<b>TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...</b>	<b>345.491</b>	<b>362.801</b>	<b>547.948</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
INST. GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA				
		(En miles de euros sen decimais)		
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
71	1. Redución de existencias de productos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aprovisionamentos			
600, (608), (609), 610	a. Consumo de mercadorías			
601, 602, (608), (609), 611, 612	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
607	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	27.191	17.019	18.761
	a. Gastos de persoal	7.140	6.658	7.097
640, 641	a.1) Soldos e Salarios	5.504	5.257	5.485
642, 644	a.2) Cargas sociais	1.635	1.401	1.612
645	b. Prestacións sociais			
68	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	697	737	
	c.1 de inmovilizado inmaterial	418	473	
	c.2 de inmovilizado material	279	264	
	d. Variacións das provisións de tráfico	290	311	
693, (793)	d.1 Variacións das provisións de existencias			
675, 694, (794)	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables	290	311	
	e. Outros gastos de xestión	5.045	4.620	6.257
62	e.1 Servicios exteriores	5.045	4.620	6.247
63	e.2. Tributos			10
676	e.3. Outros gastos de xestión correntes			
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados	601	591	5.405
661, 662, 663, 665, 669	f.1 Por débedas	585	591	5.405
666, 667	f.2 Perdas de investimentos financeiros	16		
696, 698, 699, (796), (798), (799)	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros	13.404	4.102	
668	h. Diferencias negativas de cambio	14		3
	4. Transferencias e subvencións	65.248	55.159	89.120
650	a. Transferencias correntes	2.123	1.080	1.613
651	b. Subvencións correntes	3.855	4.147	20.447
655	c. Transferencias de capital	13		50
656	d. Subvencións de capital	59.258	49.932	67.010
	5. Perdas e gastos extraordinarios	8	1	10
670, 671	a. Perdas procedentes do inmovilizado	1	1	
674	b. Perdas por operacións de endebedamento			
678	c. Gastos extraordinarios			
679	d. Gastos e perdas doutros exercicios	7		10
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>92.447</b>	<b>72.179</b>	<b>107.891</b>
	<b>AFORRO</b>	<b>2.437</b>	<b>2.186</b>	<b>12.362</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
INST. GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	1. Ventas e prestacións de servizos	455	513	550
700, 701, 702, 703, 705	a. Ventas			
705, 741, 743 (708), (709) 71	b. Prestacións de servizos	455	513	550
	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	2.019	2.036	2.065
72, 73, 740, 743	a. Ingresos tributarios			
773	b. Reintegros	9	75	
78	c. Traballos realizados pola entidade			
	d. Outros ingresos de xestión	128	79	
775, 776, 777	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente	98	68	
790	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos	30	11	
760	e. Ingresos de participacións en capital	24		
761, 762	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado	1.311	1.499	1.929
	g. Outros xuros e ingresos asimilados	544	383	136
763, 765, 769	g.1 Outros xuros	544	383	136
766	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
768	h. Diferencias positivas de cambio	3		
	4. Transferencias e subvencións	92.405	71.804	67.639
750	a. Transferencias correntes	6.929	8.780	9.104
751	b. Subvencións correntes	516		
755	c. Transferencias de capital	53.075	49.926	48.092
756	d. Subvencións de capital	31.886	13.098	10.443
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	4	12	50.000
770, 771	a. Beneficios precedentes do inmovilizado			
774	b. Beneficios por operacións de endebedamento			
778	c. Ingresos extraordinarios		1	50.000
779	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios	4	11	
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>94.884</b>	<b>74.364</b>	<b>120.253</b>
	<b>DESAFORRO</b>			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
INST. GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
1. Recursos aplicados nas operacións	80.442	72.953	107.891
a. redución de existencias de produtos terminados e en curso			
b. aprovisionamentos			
c. servizos exteriores	5.045	4.620	6.247
d. tributos			10
e. gastos de persoal	7.140	6.658	7.097
f. prestacións sociais			
g. transferencias e subvencións	65.248	55.159	89.120
h. gastos financeiros	601	591	5.405
i. outras perdas de xestión correntes e gastos excepcionais	15		12
j. dotación provisións de activos circulantes	2.394	5.925	
2. Pagos pendentes de aplicación			
3. Gastos de formalización de débedas			
4. Adquisicións de inmovilizado:	75.204	35.017	185.443
a. Destinado ao uso xeral			
b. Inmovilizacións inmateriais	473	493	654
c. Inmovilizacións materiais	254	211	139
d. Inmovilizacións financeiras	74.477	34.313	184.650
5. Diminucións directas de patrimonio			
a. En adscrición			
b. En cesión			
c. Entregado ao uso xeral			
6. Cancelación ou traspaso a CP de débedas a LP	2.000	6.818	6.818
a. Empréstitos e pasivos análogos			
b. Por préstamos recibidos	2.000	6.818	6.818
c. Outros conceptos			
7. Provisións para riscos e gastos			4.000
TOTAL APLICACIÓNS	157.646	114.789	304.152
1. Recursos procedentes das operacións	9.909	11.330	61.718
a. Ventas			
b. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso			
c. Taxas, prezos públicos e contribucións especiais			
d. Transferencias e subvencións correntes	7.445	8.780	9.104
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	7.388	8.780	9.104
iii. Da UE	57		
e. Ingresos financeiros	1.879	1.882	2.065
f. Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepcionais	570	669	50.550
g. Provisións aplicadas de activos circulantes	15		
2. Cobros pendentes de aplicación			
3. Incrementos directos de patrimonio			
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma			
iii. Da UE			
4. Transferencias e subvencións de capital	84.961	63.024	58.535
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	84.961	63.024	58.535
iii. Da UE			
5. Débedas a longo prazo	30.000	20.000	175.000
a. Empréstitos e outros pasivos análogos			
b. Préstamos recibidos	30.000	20.000	175.000
c. Outros conceptos			
6. Alleamento de inmovilizado	3.301		213
a. Destinados ao uso xeral			
b. Inmovilizacións inmateriais			
c. Inmovilizacións materiais			
d. Inmovilizacións financeiras	3.301		213
7. Cancelación ou traspaso a CP de inmovilizacións financeiras	4.183	4.856	8.686
TOTAL ORIXES	132.353	99.209	304.152

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
INST. GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
<b>Aumento/Diminución de Capital Circulante</b>	<b>-25.293</b>	<b>-15.579</b>	
<b>VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE (aumentos(+)/ diminucións (-))</b>			
1. Existencias			
2. Debedores	-35.832	-18.296	9.399
a. orzamentarios	-35.858	-20.264	10.076
b. non orzamentarios	26	1.968	-676
c. por administración de recursos doutros entes			
3. Acredores	668	-1.038	-1.284
a. orzamentarios	697	-934	-1.143
b. non orzamentarios	-29	-104	-140
c. por administración de recursos doutros entes			
4. Investimentos financeiros temporais	1.104	4.081	-8.000
5. Empréstitos e outras débedas a corto prazo	-2.000	-4.818	
a. empréstitos e outras emisións			
b. préstamos recibidos e outros conceptos	-2.000	-4.818	
6. Outras contas non bancarias			
7. Tesourería	-2.328	546	-797
a. Caixa			
b. Bancos	-2.328	546	-797
8. Axustes por periodificación	13.096	3.946	681
<b>Total Variación do Capital Circulante</b>	<b>-25.293</b>	<b>-15.579</b>	